



INSTITUTO GALEGO DE  
ESTADÍSTICA

# INFORME SOBRE OS INDICADORES DE ACTIVIDADE E DE VEB DO SECTOR SERVIZOS


**Agosto 2019**

Santiago de Compostela, 21 de outubro de 2019

**Instituto Galego de Estatística**  
Complexo Administrativo San Lázaro s/n  
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)  
Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp?>  
Teléfono información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)  
FAX: 981.54.13.23  
Páxina Web : <http://www.ige.eu>

## Indicador de actividade e de VEB do sector servizos. Base 2015. Agosto 2019


- O indicador de actividade no sector servizos rexistra no mes de agosto en Galicia un aumento do 1,2% respecto ao mesmo mes do ano anterior, 5,4 puntos inferior ao do mes de xullo. A nivel nacional, a cifra de negocios no sector servizos tamén aumenta o 1,2%, catro puntos menos que no mes anterior.
- No Comercio aumenta a facturación o 0,5% e nos Outros servizos o 3,8%.
- O persoal ocupado no sector servizos aumenta en Galicia un 0,1% e en España un 1,4% respecto ao mesmo mes do ano anterior.
- En once comunidades autónomas aumenta a cifra de negocios no mes de agosto.
- En todas as comunidades crece a ocupación.



## 1. Cifra de negocios

### 1.1 Índice xeral e por sectores de actividade

O indicador de actividade no sector servizos rexistra no mes de agosto en Galicia un aumento do 1,2% respecto ao mesmo mes do ano anterior, 5,4 puntos inferior ao do mes de xullo. A nivel nacional, a cifra de negocios no sector servizos tamén aumenta o 1,2%, catro puntos menos que no mes anterior.



O *Comercio*, cun incremento do 0,5%, achega 0,4 puntos á taxa de variación do índice xeral; os *Outros servizos* aumentan a súa facturación o 3,8% e achegan 0,9 puntos á taxa de variación do índice xeral.

En España a facturación no *Comercio* crece o 0,1% e nos *Outros servizos* o 3,3%.

Nas actividades comerciais, o *Comercio por xunto* crece o 1,0% e achega 0,5 puntos e o *Comercio ao retalho* crece un 2,0% e achega 0,4 puntos. En senso contrario, a *Venta e reparación de vehículos de motor* cae un 13,1%, co que resta 0,5 puntos á taxa de variación do índice xeral. A nivel nacional, o *Comercio por xunto* rexistra un incremento do 2,4% e o *Comercio ao retalho* do 2,6%; pola contra, a *Venta e reparación de vehículos de motor* redúcese o 19,1%,

Os *Outros servizos* aumentan a cifra de negocios en Galicia o 3,8%. Os únicos sectores que rexistran taxas positivas son o *Transporte* e a *Hostalería*, con taxas do 14,0% e 1,8% respectivamente.

En España, os *Outros servizos* aumentan o 3,3%. Todos os sectores rexistran taxas positivas, acadando o maior incremento as *Actividades profesionais, científicas e técnicas* (4,8%).

Nos oito primeiros meses do ano, a cifra de negocios crece un 4,9% en Galicia e un 4,3% no conxunto do Estado. Tanto o *Comercio* como os *Outros servizos* aumentan máis en Galicia que en España.

O *Comercio por xunto* (6,6%), o *Transporte* (10,2%) e a *Hostalería* (6,6%) son os sectores con mellor comportamento en Galicia. Pola contra, a *Venta e reparación de vehículos de motor e Información e comunicación* diminúen a súa facturación no que vai de ano, -7,3% e -1,5% respectivamente.

## 1.2 Índice de cifra de negocios ponderando por VEB

Utilizando como ponderación o VEB en lugar da cifra de negocios, o índice aumenta o 1,3% no mes de agosto.

O sector que máis contribúe a este crecemento é o *Transporte*, que crece un 14,8% e achega 1,6 puntos. En senso contrario, os maiores descensos rexístranse en *Información e comunicacións* (-3,7%) e *Actividades administrativas e servizos auxiliares* (-4,0%).


No que vai de ano, o índice aumenta un 5,0%. O *Transporte* é o sector con mellor comportamento (12,3%) mentres que *Información e comunicacións* é o único sector con taxa negativa, -1,8%.

## 1.3 Datos corrixidos de calendario

O efecto calendario determina as diferenzas que se producen nunha variable pola diferente estrutura que teñen os meses (tanto en número de días como na composición de días laborables e festivos).

Se se elimina este efecto, o índice ponderado por cifra de negocios aumenta o 3,4% respecto ao mesmo mes do ano anterior e o índice ponderado por VEB o 3,1%.

O seguinte gráfico amosa a evolución do indicador de actividade do sector servizos corrixido de calendario segundo o método de ponderación.



#### 1.4. Indicadores por comunidades autónomas


No mes de agosto en once comunidades autónomas aumenta a cifra de negocios respecto ao mesmo mes do ano anterior. Os maiores aumentos danse en País Vasco (4,9%), Murcia (4,6%) e Extremadura (4,4%).

En seis comunidades autónomas diminúe a facturación; Castilla y León (-3,9%) e Aragón e La Rioja (ambas -3,1%) rexistran as maiores caídas.

No que vai de ano, os maiores crecementos rexístranse en Cantabria (6,7%) e Murcia (6,3%). As taxas máis baixas corresponden a Illes Balears (1,3%) e Canarias (1,5%).

## Índices de cifra de negocios. Agosto 2019


### Taxa de variación en %



## 2. Persoal ocupado

### 2.1 Índice xeral e por sectores de actividade

O persoal ocupado aumenta en Galicia un 0,1% respecto ao mes de agosto de 2018, 1,3 puntos menos que en España (1,4%).



O persoal ocupado aumenta un 1,0% no *Comercio* mentres que diminúe un 0,6% nos *Outros servizos*. Todos os sectores rexistran taxas positivas agás *Venta e reparación de vehículos de motor* (-1,0%), *Hostalería* (-2,3%) e *Actividades administrativas e servizos auxiliares* (-3,1%). Os maiores crecementos danse no *Transporte* (2,2%) e *Información e comunicación* (1,9%).

En España, o persoal ocupado aumenta en todos os sectores. Os maiores incrementos rexístranse en *Información e comunicación* (2,7%) e *Comercio por xunto e Actividades profesionais, científicas e técnicas* (ambas 2,0%).

No que vai de ano, o persoal ocupado aumentou un 1,6% en Galicia e un 1,8% en España. O maior crecemento da ocupación en Galicia dáse no *Comercio por xunto* (4,2%).


## 2.2. Indicadores de ocupación por comunidades autónomas

Todas as comunidades autónomas aumentan o emprego no sector servizos no mes de agosto con respecto ao mesmo mes do ano 2018. Os maiores incrementos danse en Comunitat Valenciana (2,3%), Navarra e Murcia (2,0%). Galicia (0,1%) e País Vasco (0,2%) son as comunidades onde menos crece a ocupación.

No que vai de ano, os maiores crecementos rexístranse en Extremadura (2,5%) e Comunitat Valenciana (2,4%); a taxa máis baixa corresponde a Castilla y León (0,7%).

## Índices de persoal ocupado. Agosto 2019

### Taxas de variación en %



### Notas metodolóxicas

Cifra de negocios: comprende os importes facturados pola empresa pola prestación de servizos e venda de bens que son obxecto do tráfico da empresa, incluídos os realizados por subcontratación. Contabilízanse incluíndo os impostos que gravan os bens e servizos coa excepción do IVE repercutido ao cliente.

Persoal ocupado: É o número total de persoas que traballan na empresa; inclúe o persoal remunerado, persoal que non percibe unha remuneración fixa ou salario (proprietarios que traballan na empresa e axudas familiares), persoal facilitado polas empresas de traballo temporal y traballadores autónomos dependentes con contrato non laboral.

Valor engadido bruto: Para cada unidade dedicada a unha actividade produtiva, é a diferenza entre a produción e os consumos intermedios. Valórase a prezos básicos, que son os prezos que os produtores reciben dos compradores restando calquera imposto que se pague e sumando calquera subvención que se reciba.

Os indicadores constrúense a partir dos microdatos dos Indicadores de actividade do sector servizos subministrados polo INE.

Os índices son provisionais polo que poden modificarse nos meses seguintes.



## Anexo cadros

Cadro 1. Índices de cifra de negocios. Agosto 2019

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
<b>Galicia</b>			
<b>Xeral</b>	<b>135,0</b>	<b>1,2</b>	<b>4,9</b>
<b>Comercio</b>	<b>137,2</b>	<b>0,5</b>	<b>4,6</b>
Venta e reparación de vehículos de motor	95,6	-13,1	-7,3
Comercio por xunto	149,7	1,0	6,6
Comercio ao retalho	117,3	2,0	1,4
<b>Outros servizos</b>	<b>127,8</b>	<b>3,8</b>	<b>6,1</b>
Transporte	120,0	14,0	10,2
Hostalería	176,2	1,8	6,6
Información e comunicacións	97,8	-4,0	-1,5
Actividades profesionais, científicas e técnicas	98,5	-4,9	3,8
Actividades administrativas e servizos auxiliares	153,8	-2,2	4,2
<b>España</b>			
<b>Xeral</b>	<b>114,3</b>	<b>1,2</b>	<b>4,3</b>
<b>Comercio</b>	<b>111,7</b>	<b>0,1</b>	<b>3,5</b>
Venta e reparación de vehículos de motor	103,5	-19,1	-3,2
Comercio por xunto	114,1	2,4	5,2
Comercio ao retalho	109,3	2,6	2,7
<b>Outros servizos</b>	<b>119,1</b>	<b>3,3</b>	<b>5,6</b>
Transporte	116,3	3,5	5,9
Hostalería	153,9	3,6	4,3
Información e comunicacións	101,4	1,1	2,9
Actividades profesionais, científicas e técnicas	102,8	4,8	8,3
Actividades administrativas e servizos auxiliares	131,7	3,4	6,1

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos suministrados polo INE

Cadro 2.- Índices de cifra de negocios ponderada por VEB. Agosto 2019

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
<b>Galicia</b>			
Xeral	140,8	1,3	5,0
Comercio	134,7	-0,1	3,7
Transporte	136,5	14,8	12,3
Hostalería	187,8	1,3	6,2
Información e comunicacións	101,0	-3,7	-1,8
Actividades profesionais, científicas e técnicas	102,4	-1,7	4,5
Actividades administrativas e servizos auxiliares	137,5	-4,0	2,5

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos suministrados polo INE

**Cadro 3. Índices de cifra de negocios por comunidades autónomas.  
Agosto 2019**

	ÍNDICE	VARIACIONES (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE AÑO
<b>ESPAÑA</b>	<b>114,3</b>	<b>1,2</b>	<b>4,3</b>
Andalucía	112,8	4,0	6,1
Aragón	110,3	-3,1	3,5
Asturias	118,9	3,8	5,5
Balears, Illes	167,9	-1,9	1,3
Canarias	123,4	-0,9	1,5
Cantabria	138,9	3,7	6,7
Castilla y León	108,1	-3,9	2,2
Castilla-La Mancha	118,9	0,6	4,1
Cataluña	108,0	2,0	3,4
Comunitat Valenciana	115,2	3,9	4,7
Extremadura	123,5	4,4	6,1
<b>GALICIA</b>	<b>135,0</b>	<b>1,2</b>	<b>4,9</b>
Madrid	110,8	-0,4	4,4
Murcia	110,7	4,6	6,3
Navarra	117,2	1,2	5,2
País Vasco	104,6	4,9	4,6
Rioja, La	116,6	-3,1	4,1

Fonte: INE

Cadro 4. Índices de persoal ocupado. Agosto 2019

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
<b>Galicia</b>			
<b>Xeral</b>	<b>109,9</b>	<b>0,1</b>	<b>1,6</b>
<b>Comercio</b>	<b>109,8</b>	<b>1,0</b>	<b>2,0</b>
Venta e reparación de vehículos de motor	100,2	-1,0	1,3
Comercio por xunto	120,2	1,4	4,2
Comercio ao retallo	105,8	1,1	0,8
<b>Outros servizos</b>	<b>110,0</b>	<b>-0,6</b>	<b>1,2</b>
Transporte	106,3	2,2	2,8
Hostalería	112,3	-2,3	-0,1
Información e comunicacións	107,9	1,9	2,2
Actividades profesionais, científicas e técnicas	107,2	1,6	3,6
Actividades administrativas e servizos auxiliares	113,0	-3,1	-0,5
<b>España</b>			
<b>Xeral</b>	<b>109,9</b>	<b>1,4</b>	<b>1,8</b>
<b>Comercio</b>	<b>107,0</b>	<b>1,4</b>	<b>1,5</b>
Venta e reparación de vehículos de motor	108,0	1,1	1,7
Comercio por xunto	107,7	2,0	2,2
Comercio ao retallo	106,3	1,1	1,1
<b>Outros servizos</b>	<b>111,8</b>	<b>1,4</b>	<b>2,0</b>
Transporte	110,2	1,7	2,1
Hostalería	115,5	0,7	1,0
Información e comunicacións	109,8	2,7	3,1
Actividades profesionais, científicas e técnicas	107,4	2,0	2,3
Actividades administrativas e servizos auxiliares	113,3	1,1	2,2

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos subministrados polo INE

**Cadro 5. Índices de persoal ocupado por comunidades autónomas.  
Agosto 2019**

	ÍNDICE	VARIACIONES (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
<b>ESPAÑA</b>	<b>109,9</b>	<b>1,4</b>	<b>1,8</b>
Andalucía	107,4	1,7	2,0
Aragón	112,7	1,1	1,4
Asturias	106,4	0,6	1,0
Balears, Illes	137,1	0,6	1,7
Canarias	110,7	1,0	1,0
Cantabria	112,4	0,4	1,0
Castilla y León	107,1	0,4	0,7
Castilla-La Mancha	109,8	1,5	1,4
Cataluña	112,2	1,9	2,1
Comunitat Valenciana	107,7	2,3	2,4
Extremadura	109,4	1,3	2,5
<b>GALICIA</b>	<b>109,9</b>	<b>0,1</b>	<b>1,6</b>
Madrid	108,0	1,4	1,9
Murcia	111,2	2,0	1,5
Navarra	110,2	2,0	2,3
País Vasco	105,6	0,2	1,4
Rioja, La	109,2	1,6	2,1

Fonte: INE